


**English Idioms Vocabulary 2022. Complete Edition. Premier English Learning Publishing. ISBN: 979-8846868847; 67 páxs.**



*English Idioms Vocabulary 2022* consiste nun pequeno compendio fraseolóxico monolingüe dirixido a estudantes de inglés como lingua estranxeira. En palabras da editora, trátase dunha «colección de idiotismos, ditos e expresións que se deben coñecer para expresarse coma unha ou un falante nativo culto». Con esta nota introdutoria, a autoría recalca a idea de que o coñecemento dos fraseoloxismos, entendidos como estruturas da lingua cun certo grao de fixación, serve para dotar o ou a falante de naturalidade na expresión oral e tamén na escrita.

A obra encádrase nun conxunto de publicacións destinadas á adquisición de léxico para a obtención das certificacións de competencia en inglés polos sistemas IELTS (International English Language Testing System) e TOEFL (Test of English as a Foreign Language), e segundo os niveis do MCER (Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas). Ata a actualidade, Premier English Learning Publishing dispón dun total de nove obras publicadas, incluíndo *English Idioms Vocabulary 2022*:

- *TOEFL Vocabulary 2022.*
- *IELTS Academic Vocabulary 2022.*
- *English Advanced to Proficiency Vocabulary.*
- *Business English Vocabulary 2022.*
- *English C1 Vocabulary 2022.*
- *English C1 Advanced and C2 Proficiency Smart Vocabulary.*
- *English C2 Vocabulary 2022.*
- *Fluent English Vocabulary 2022.*

Neste sentido, coa excepción da monografía dedicada ao vocabulario do eido empresarial, *English Idioms Vocabulary 2022* pódese contemplar como ferramenta complementaria a calquera das outras publicacións da editora. De todas elas, *English C2 Vocabulary 2022* é a única na que tamén ten presenza a fraseoloxía, aínda que con menor amplitude.

Canto á súa estrutura, *English Idioms Vocabulary 2022* adopta a forma de glosario alfabetizado. Tal alfabetización prodúcese sempre pola voz inicial do fraseoloxismo, que nos máis dos casos é un verbo tanto en forma afirmativa (*Take a hint*) como negativa (*Cannot do something for toffee*); mais que tamén se pode corresponder cun adxectivo (*Hot under the collar*), cunha preposición (*By leaps and bounds*), cun adverbio (*Off one's hands*), cun determinante (*Every dog has its day*), cunha conxunción (*If all else fails*) ou cun substantivo (*Trouble is brewing*). Respecto da tipoloxía, esa disposición levaranos a apreciar, como se mostra máis adiante, un padrón maioritario de locucións.

Na listaxe, preséntanse cada fraseoloxismo e as súas variantes, no caso de as haber, o significado mais un exemplo. Este último pode ter dúas formas: un diálogo entre un par de persoas ou unha oración (en ocasións, dúas, para aqueles conceptos máis abstractos). A teor disto, cabe salientar a precisión dos significados achegados e tamén o coidado que se tivo á hora de seleccionar os exemplos, pois sempre se fornece unha contextualización que dota de significación unívoca cada unidade fraseolóxica. Así mesmo, os ditos exemplos sérvenlle á persoa lectora/aprendiz para encadrar os fraseoloxismos en situacións comunicativas reais que se poidan producir na cotiandade das e dos falantes.

De igual xeito, outro dos aspectos que cómpre destacar é a amplitude temática das mostras fraseolóxicas. Desde a gastronomía ata os xestos e pasando por áreas tan heteroxéneas como os animais ou a anatomía, ofrécense fraseoloxismos para situacións moi dispares, tanto nun rexistro coloquial como formal. Ademais, atendendo ao criterio de reflectir unha variedade supradialectal do inglés, non se indica a cal das dúas variedades maioritarias pertencen (británica ou americana), senón que os fraseoloxismos listados seleccionáronse para representar a súa universalidade en todo o alcance desa lingua. Xa que logo, se ben é certo que no plano ortográfico se deixan ver trazos do inglés americano, a fraseoloxía que se recolle responde ao principio de amplitude no grao de uso e de difusión dentro do abano de variación do idioma inglés. Neste mesmo plano da escrita, é onde se poden distinguir os trazos formais e informais da lingua, marcados no uso das contraccións ou das formas desenvolvidas (*cannot/can't; do not/don't; it is/it's*), alén de na utilización do xenitivo saxón.

Nese senso, resulta comprensible que, para quen estudan unha lingua e aínda están a desenvolver a súa competencia, non se faga unha distinción entre as variantes do idioma nas obras didácticas como a que nos compete. Que así sexa tamén dá pé a fomentar a curiosidade do discentado para seguir afondando no eido da fraseoloxía como elemento da lingua que comporta unha gran carga cultural e que, polo tanto, se pode localizar xeograficamente. Daquela, a medida que o alumnado vaia aumentando a súa competencia lingüística, poderá ir dotando a súa bagaxe léxica de fraseoloxismos que comporten trazos culturais, locativos e identitarios máis concisos e que, á súa vez, dean conta da gran riqueza da fraseoloxía da lingua inglesa en toda a súa extensión.

Desde un punto de vista máis técnico, no tocante á tipoloxía das unidades fraseolóxicas recompiladas, a capa da obra e a breve nota introdutoria mencionan «idioms, phrases, sayings, proverbs, expressions», pero ao longo do glosario, non se indica en que categoría se encadra cada un dos fraseoloxismos. Tendo en conta que o público obxectivo da publicación non é especializado, consideramos lóxico que, para manter o obxectivo didáctico, non sexa preciso afondar neste eido. De tal maneira, tamén se deixa a porta aberta a que aqueles estudantes que refiran un maior interese na fraseoloxía e se queiran achegar aos usos descritivos da lingua acudan a outras publicacións como complementos á presente.

Sexa como for, se quixermos indagar máis sobre a tipoloxía das unidades fraseolóxicas listadas na obra, poderemos empregar o criterio clasificador de Álvarez de la Granja (2003), o cal posúe un enfoque semántico-funcional e destaca pola súa amplitude e concisión. Nesa liña, malia que o seu método, orixinalmente, se concibiu na clasificación da fraseoloxía da lingua galega, podémolo traspoñer á lingua inglesa para tratar de clasificar as unidades fraseolóxicas recollidas en *English Idioms Vocabulary 2022* e estruturalas consonte a óptica dunha ou dun falante galego. Entón, como xa adiantamos, a conclusión que se extrae desta análise é que a meirande parte das unidades compiladas son locucións, principalmente verbais, seguidas de locucións substantivas e de locucións adverbiais. No entanto, en contraposición ás locucións, tamén se recollen refráns e fórmulas, entendidos como enunciados fraseolóxicos, aínda que nunha proporción moito menor.

Táboa 1. Clasificación das unidades fraseolóxicas segundo o criterio de Álvarez de la Granja

Tipoloxía	Exemplos
Loc. verbal	<i>Dress in layers; go the extra mile; pull the plug; rue the day.</i>
Loc. substantiva	<i>No picnic; bone of contention; pipe dream; sitting duck; tall order; the lions share.</i>
Loc. adverbial	<i>Off the mark; at long last; out of sorts; easy on the eye; of the essence.</i>
Refráns	<i>Every dog has its day.</i>
Fórmulas	<i>Cat got your tongue?; it's high time; sure as eggs is eggs.</i>

Concluíndomos, *English Idioms Vocabulary 2022*, como monografía de carácter académico cun claro obxectivo didáctico-funcional e dirixida a un público meta non especializado, cumpre perfectamente a función para a que foi concibida e destaca por ofrecer unha recompilación variada e representativa dos fraseoloxismos de uso frecuente no inglés dos nosos días. Así pois, coidamos que constitúe unha boa ferramenta inicial de adquisición de léxico tanto para estudantes cunha competencia intermedia como para aquelas e aqueles cunha habilidade lingüística máis desenvolvida, e establécese como primeiro chanzo no afondamento de cara a outras monografías verbo da fraseoloxía da lingua inglesa.

## Referencias bibliográficas:

Álvarez de la Granja, M. (2003). Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas. *Estudos e recádivas (Cadernos de Fraseoloxía Galega 4)*, 1–25.

Iván García Fuentes  
 Universidade de Vigo (España)  
 ORCID: 0009-0003-9295-1224  
 ivagarcia@uvigo.es